



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE NOVEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/469/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BISPO DIEGO PELÁEZ,11.- Conceder licenza para executar as obras de reforma de accesibilidade con instalación de ascensor e reforma enerxética de fachadas no edificio sito na rúa Bispo Diego Peláez, 11.

LIC/1947/2018.- EUGENIO GONZÁLEZ LEIS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en Lg. Torre de Enfesta, 9.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de accesibilidade con instalación de ascensor e reforma enerxética de fachadas no edificio sito na rúa Bispo Diego Peláez, 11. LIC/469/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en Lg. Torre de Enfesta, 9. LIC/1947/2018. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao alleamento da participación municipal na parcela denominada Quinteiro (mazá) 2 do SUP-1 Romero Donallo. (PTM/62/2016). Acórdase o alleamento da participación municipal do 59,948% na devandita parcela a favor da empresa Santiago Sur Galicia, SL, por un importe de 2.542.528,76 euros (sen IVE), ao ser a única oferta presentada e cumprir os requisitos dos pregos de aplicación. Deberá facer o ingreso desta cantidade máis IVE no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación deste acordo.

5.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

6.- Propostas relativa á convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. Apróbase a proposta.

7.- Aprobación da certificación final nº 7 das obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de Skate). Apróbase a certificación.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á non división en lotes do investimento para a construción de dúas pistas polideportivas multiúsos no lugar de Carregal e parque biosausable no entorno da igrexa do Piñeiro, no Eixo. Acórdase a non división en lotes do investimento de 140.000 euros para a execución dos devanditos proxectos, por considerar que dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico e porque provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.

10.- Proposta da alcaldía relativa á permuta da caseta da Praza de Abastos número NC073, da titularidade de dona JOSEFINA OTERO GRELA, pola NC076, que figura libre, e traspaso desta a favor de dona MARÍA ISABEL RENDO SUÁREZ. Autorízanse a permuta e o traspaso.

11.- Proposta da alcaldía relativa á autorización de traspaso das casetas números NC049 e NC050, da titularidade de dona MARÍA DOLORES MÍGUEZ DOMÍNGUEZ, a favor de "SUEIRO Y LORENZO AVICULTURA ARTESANAL, S.L.". Autorízase o traspaso.

12.- Proposta da alcaldía relativa á autorización de traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC077, da titularidade de dona MARÍA PURIFICACIÓN LÓPEZ SANTOS, a favor de don CARLOS LISTE SILVA. Autorízase o traspaso.

13.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a mercantil MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO S.COOP. G. PARA DINAMIZACION DA PRAZA DE ABASTOS NO ANO 2019. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achegará 10.000 euros.

14.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Orde do 16 de maio de 2019, para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, para o exercicio do ano 2019. Acéptase a devandita subvención, de 248.034,24 €, para a contratación de 11 traballadoras.

URXENCIAS

1.- Propostas de convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. Apróbase a proposta.

2.- Proposta de nomeamento de persoal de dirección para o Departamento de Educación. Proponse a Beatriz Varela Morales como directora técnica do Departamento.

3.- Proposta de cambio de titularidade na póliza para a cobertura do risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello.

Autorízase o cambio, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen á compañía MARKEL INTERNATIONAL INSURANCE COMPANY LIMITED entenderanse con MARKEL INSURANCE SE, SUCURSAL EN ESPAÑA.

4.- Proposta relativa ao servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Anúlase o acordo de XGL de 5 de abril de 2019 de aprobación do expediente e libérase o crédito comprometido (62.982,33 euros en 2019; 101.182,24 euros en 2020 e a mesma cantidade en 2021; e 38.199,91 euros en 2022). Así mesmo, acórdase a aprobación dun novo expediente, a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 117.650,66 euros/ano máis IVE segundo o seguinte desglose:

Ano 2019: 11.863,11 euros

Ano 2020: 142.357,30 euros

Ano 2021: 130.494,19 euros

5.- Proposta relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da "subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago"

Acórdase a aprobación do devandito expediente, así como do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 41.000 euros máis IVE.

6.- Proposta relativa á adxudicación do contrato de prestación do servizo de desratización do Concello de Santiago.

Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa ARUMIA SL por importe de 15.784,75 euros/ano máis IVE segundo o seguinte desglose:

Ano 2019: 3.183,26 euros

Ano 2020: 19.099,55 euros

Ano 2021: 15.916,29 euros

7.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento da comisión para o control da execución do contrato de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas. Noméase os/as integrantes da comisión, que estará presidida pola concelleira delegada de Auga e Saneamento, Mila Castro.